



HIMNO VERDE

Bernardino Graña.

ESPIRAL MAIOR, A CORUÑA, 1992

A editora Espiral Maior, que dirixe o escritor Miguel Anxo Fernán-Vello, deu a lume a sua colección de Poesía (nº4) un dos poemários máis fremosos da literatura galega destes anos. Trátase de **HIMNO VERDE**, do poeta do Morrazo Bernardino Graña (quen obtivo recentemente o Premio Merlin de Literatura Infantil). O libro é un canto á natureza, mais desde unha dupla perspectiva: o abraio e a emoción fronte aos contínuos miragres que opera (o lento medrar da rosa, a presenza altiva da vella árbore, a alegría da fraga vizosa, etc.), por unha banda; a denuncia e a indignación fronte ás agresións brutais que sofre (o mar manchado, o ar industrial, os incendios), por outra. A obra de Bernardino abala entre o brinde e o esconxuro, entre a paixón amante polas plantas, os seres, as paisaxes e a carraxe desbordada ante o espectáculo da chatarra, a polución, o barullo e o alleamento humano. As fotografías de Siña Fernández non só ilustran, sen máis, este poemario, senón que transmiten esa emoción e esa carraxe que vive o poeta: os tenros estraloques ou o toco da árbore ve-

draia fronte ao cimiterio chatarrento de automóbeis.

Había xa ben tempo que a poesía galega non daba un froito tan sinxelo en aparencia (é de suliñar a enorme depuración estilística que consegue o Bernardino) e tan saboroso na cerna, tan colmado de «humanismo» e sensibilidade, lonxe dese barroquismo vacío e insustancial que ás veces domina os versos doutros poetas. Ler este poemario é, cremos, un necesario exercicio para os amantes da natureza e da poesía que desexen poder exclamar, con Bernardino, que finalmente «trunfará a alegría!».



CUBA VERDE

CUBA VERDE. COLECCIÓN «DOCUMENTOS CUBANOS» Nº3. EDITORIAL CUBA VA. COORDINADORA ESTATAL DE SOLIDARIDAD CON CUBA (C.E.S.C.). EDICIÓN CONXUNTA DA CESC E O XORNAL CUBANO JUVENTUD REBELDE. MADRID. MAIO, 1993.

A C.E.S.C. (formada por máis de cen colectivos e organizacións de todo o Estado, entre elas a Asociación de Amizade Galego-Cubano «Francisco Villamil») ven levando adiante, dende 1991, un grande e interesante esforzo editorial

para dar a coñecer a realidade cubana, pór en contacto a diversos grupos de solidariedade, difundir información sobre iniciativas relacionadas con Cuba, e, como non, como xeito de financiación dela e dos colectivos que a forman. Ao boletín «Cuba Va», que xa vai polo número cinco, e á edición da cinto dos trovadores Martha Campos e José Antonio Quesada, suma-se a colección «Documentos cubanos», da que agora presentamos o número tres. Os números anteriores foron «EL GOBIERNO DE EE UU CONTRA CUBA (revelaciones de la agresión)» e «XXV ANIVERSARIO DE LA CAIDA DEL CHE. Memoria fotográfica». A CESC anuncia que xa están en marcha as edicións dos números catro e cinco desta colección, que tratarán sobre as agresións de EEUU en Latinoamérica e Cuba, e sobre as solucións no Período Especial, respectivamente.

«Cuba verde», cuidadosamente editado, presenta diversos artigos en relación coa ecoloxía en Cuba: enerxía, desenvolvemento e ecoloxía, o plan estatal de recuperación integral das montañas, reforestación e biodiversidade, substitución de plaguicidas por controladores biolóxicos, biogás, turismo ecolóxico, arte e ecoloxía, etc. En total, noventa e catro páxinas de información sobre iniciativas, problemas e solucións verdes na actualidade cubana, profundamente influenciada e moldeada polo chamado Período Especial, que non é senón a resposta á difícil situación provocada polo inxusto bloqueo económico, comercial e financeiro imposto polos EEUU contra o país caribeño, reforzado agora pola «Lei Torricelli», e que, recentemente, foi condeado, cunha abrumadora maioría, pola Asembleia Xeral da O.N.U.

Poderíamos destacar dous

artigos dos publicados: o primeiro, o intitulado «La Lucha por una agricultura ecológica en Cuba», de Richard Levins, publicado anteriormente na revista *Ecología Política*. Nel o autor trata de responder a diversas cuestións sobre a agricultura ecolóxica baseando-se nos vinte e cinco anos que pasou como participante/observador no desenvolvemento da ecoloxía e a agroecoloxía en Cuba. O segundo, a mensaxe de Fidel Castro na Conferencia das Nacións Unidas sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento celebrada en Río de Janeiro en xuño de 1992.

A importancia dos debates e as actuacións verdes, ecolóxicas, e a recíproca influencia entre estas e o bloqueio, o Período Especial e a crítica situación que Cuba está a atravesar, aparecen ben reflexadas no artigo que abre este libro, «La vida respira mejor», de Esteban Ramírez Alonso, que comeza dicindo (a tradución é miña): «O impacto que, na redución da contaminación do medio ambiente ten en Cuba o chamado período especial (conxunto de medidas emerxentes para saír da adversa situación económica na que se atopa) é agora especialmente notorio, esencialmente polo alto déficit de petróleo, fertilizantes e pesticidas. Pero quizais no futuro sexa aínda meirande, en consonancia coas ensinanzas que este período está deixando e pola posibilidade de implementar políticas que garantan o desenvolvemento sostido sen que sexa a costa do entorno».

(NOTA BENE: Todo o material editado pola CESC, así como o de outras asociacións e colectivos (chapas, camisetas, pegatas, posters,...) encóntrase á venda na Asociación de Amizade Galego-Cubano «Francisco Villamil»; en Rúa do Vilar, 29, 1ºB COMPOSTELA, e Policarpo Sanz 22, 2º, oficina 10, VIGO)